

O LIBRO SECRETO DE CHRIS

Chris, Rosa, e os irmáns Casal tiñan o costume de xuntarse todos os venres pola tarde na arredada casa de Chris dende ben pequenos. Como el non tiña irmáns e estaba enfermo, a súa nai instalara a rutina de invitalos a merendar á súa casa e cos anos non mudara este hábito malia o rebumbio que nalgunha ocasión tiñan montado. Chris sempre pedía que lle xuntaran algunhas cousas para xogar antes de que chegaran os seus amigos. Entre todos reunían algún balón de balonpé, barallas de cartas, cromos... Rosa traía caixas de xices e cores, e os irmáns Casal; Pedro e Brais, acostumaban a achegar a súa colección de bólas.

Soían pasar as horas no xardín traseiro, sempre que o tempo o permitía entre os xoguetes que cada un deles traía para compartir; agochados xunto a árbore, ou brincando de aquí para alá na camposa e nos columpios que o pai de Chris montara persoalmente para el polo seu último aniversario. Para sentar a Chris chamaban á súa nai porque non podían movelo sós da súa cadeira de rodas. Aínda que

el non era capaz de participar en todos os xogos disfrutaba da compañía dos seus amigos que o trasladaban torpemente na súa cadeira dun lado para outro para que non perdera o fío. Tralo cristal da fiestra da cociña preparábanse bocadillos, vasos con refrescos, pompiñas... e nos días chuviosos ata chocolate que tomaban na habitación que Chris tiña na planta baixa da casa para facilitar os seus movementos.

A Rosa, unha nena loira e esmirriada gustáballe pasar o tempo deitada nas polas da laranxeira contemplando as formas das nubes e imaxinando un zoolóxico de estraños animais brancos e escumosos. Sen embargo, os irmáns Casal, dous xemelgos aos que era difícil distinguir disfrutaban enredando con Chris e competindo para ver quen chegaba máis lonxe saltando do columpio. E Chris; a pesar da súa discapacidade, formaba parte dos xogos na medida do posible; el era o árbitro de todo o que alí ocorría, e apuntábo todo no seu libro en branco, a pesar de ter que esbribir con certa dificultade.

“Rosa viu unha nube con forma dunha xirafa sobre un avión. Era bonita. A min tamén me gustan as nubes.”

“Pedro gañou e Brais enfadouse. Non me gusta cando se enfadan porque se poñen moi teimudos.”

“Hoxe merendamos bocadillo de Nocilla. É o meu preferido, pero gústame máis a parte branca ca a marrón”

“Divertímonos moito. Ogallá non tivesen que marchar xá para a casa. Mágoa que non puideran quedar un ratiño máis.”

E como non podían xogar fóra a maior parte das tardes do longo inverno, decidiran que eses venres sen columpios nin laranxeira cada un dos rapaces traería preparado o comezo dunha historia inventada que o resto debían rematar. Así que mentres disfrutaban das súas cuncas de chocolate quente cos biscoitos en formas de animais que a Chris tanto lle gustaban, ían narrando o comezo dun conto. Cando daban cun final axeitado para a historia, axudaban a Chris a apuntala no seu libro, e se lles sobraba algo de tempo, debuxaban os bordes en branco das follas con esceas do conto para ilustralo.

Despois, cando xa os seus amigos marcharan para a casa, Chris gardaba o libro nun dos caixóns do seu cuarto, que quedaba pechado e agardando ate a seguinte semana,

cando sería aberto para que os nenos deixasen unha vez máis a pegada da súa imaxinación.

Para Chris ese libro era o seu tesouro máis prezado. Non había moito tempo vira “The Secret of Kells”, unha película de animación que fixo que se dera conta da importancia que tiña escribir as historias para facer que estas perduraran, e para que cando os anos pasaran puidera seguir fascinándose con esas narracións que só un neno é capaz de crear. Quería poder ensinarllas aos seus amigos tempo despois para lembrar con ledicia aquelas tardes, e se cadra tamén ós seus propios fillos. Chris quería ser o protagonista do seu propio Libro Secreto, quería ser Brendan, o gardián do libro de Kells; e todos consideraban que el sería o mellor protector, pois vivía rodeado dos muros que impoñía a súa cadeira, eses muros que custodiarían o Libro onde repousaría a encanto inxenuo da súa infancia.

AMAIA TOMÉ